



CONCELLO
DE
MEIS
(PONTEVEDRA)

R.E.L. Nº 01360280
C.I.F. Nº P-3602800-I
C. Postal 36637
Teléfono: 986 71 20 01
Fax: 986 71 53 00
correo@concellodemeis.com
www.concellodemeis.com

BANDO

Recollida de enseres e voluminosos

JOSE LUIS PEREZ ESTÉVEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE MEIS (PONTEVEDRA)

FAGO SABER:

Que o Concello de Meis vén de poñer en funcionamento un *servizo de recollida de enseres e voluminosos* para que aquelas persoas que desexen desfacerse dos residuos sólidos que non se poden botar nos colectores da recollida de lixo convencional poidan facelo dun xeito responsable.

Deste xeito o medio ambiente verase beneficiado e os espazos que na actualidade están ocupados pola ferralla e outros obxectos inservibles nas nosas casas quedarán libres.

Todas aquelas persoas interesadas en que se lles recollan enseres e/ou voluminosos deberán **chamar** á empresa que realiza a recollida de lixo no municipio, CELTA PRIX, SL, **en horario de 9 a 14 horas e de 16 a 19 horas** ó teléfono **986 71 82 69** para solicitalo, lembrándolles de antemán que dispoñen dun contestador no que poden deixar o seu número de teléfono e xa lles devolverán a chamada.

Os días de recollida destes enseres serán o **primeiro e o terceiro mércores de cada mes**, polo que será preciso deixa-lo material a recoller o día anterior na vía pública.

Non se recollerán plásticos de invernadoiros nin escombro.

O que fago público para xeral coñecemento.

Meis, 7 de febreiro de 2007